



## **CIRCULAR 86-2026.** **CONTROL FGA 18/04/2026 (Xornada de mañá)**

**Art.1)** A Federación Galega de Atletismo organiza este control o día 18 de abril de 2026 no CGTD de Pontevedra..

**Art.2)** Poderán participar atletas con licenza en vigor, dende a categoría Sub 10 nas súas probas oficiais.

**Art.3)** As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do luns 13 de abril.

- Establécese unha cota de inscrición de 4 euros por atleta.
- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas nas tempadas 2025 e 2026.No caso de superar o límite de prazas terán preferencia os atletas con mellores marcas.
- En caso de necesidade, realizarase sorteo entre os atletas sen marca.

**Art.4).-** Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 23:59 horas do mércores 15 de febreiro e serán remitidas a [servizos@atletismo.gal](mailto:servizos@atletismo.gal)

**Art.5)** Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

**Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.**

**Art.6)** Horario: poderá ser modificado segundo necesidades do campionato de clubs de combinadas.

<b>HORARIO CONTROL 18/04/2026- XORNADA MAÑÁ</b>		
<b>HORA</b>	<b>CARREIRAS</b>	<b>CAT/MODALIDADE</b>
10:30	500	Mulleres S10-S14
11:10	500	Homes S10-S14
11:50	800	Mulleres
12:10	800	Homes
12:30	400	Mulleres



**CIRCULAR**

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.  
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE  
GALEGO**

13:00	400	Homes
13:30	600	Mulleres S16
13:45	600	Homes S16

**Art.7).-** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a [servizos@atletismo.gal](mailto:servizos@atletismo.gal) para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 6€ por atleta.
- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 do mércores previo ó inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.
- 

**Art.8).-** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 8 abril de 2026

Yolanda González Fernández  
**Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo**